



CONCELLO DE
OLEIROS

➤ DEPORTES

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións. (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>)

CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓNS. ANO 2020

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2020002158 de data 08/06/2019 aprobouse a convocatoria de axudas a deportistas do Concello de Oleiros para asistencia a competicións, cuxas bases reguladoras foron aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2020 e publicadas no seguinte enlace:

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-deportes-turismo-formacion-e-emprego/deportes>

1.- **Obxecto.**- Concesión de axudas a deportistas do Concello de Oleiros seleccionados para participar en eventos deportivos oficiais de carácter internacional, así como deportistas que acudan a campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal e acaden algún dos tres primeiros postos.

2.- **Competicións subvencionables.**- As que se celebren ou se teñan celebrado entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020.

3.- **Beneficiarios.**- Deportistas do Concello de Oleiros que reúnan os requisitos especificados nas bases reguladoras e ademais algún dos seguintes:

- a. Competicións internacionais.- Ter sido seleccionado pola respectiva federación española ou galega para participar nas competicións oficiais de ámbito internacional.
- b. Competicións de ámbito estatal.- Ter obtido algún dos tres primeiros postos en Campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal.

4.- **Aplicación orzamentaria e importe da convocatoria.**-

Aplicación 2020/81.341.48902.- 10.000 euros.

5.- **Presentación de solicitudes.**-

a) A solicitude e a documentación requirida presentaranse no Rexistro xeral do Centro Cultural "A Fábrica" (Rúa do Inglés, 13. 15172- Perillo-Oleiros), sen prexuízo do que dispón o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

b) O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 7 de outubro de 2020.

6.- **Plazo de xustificación** .- Quince días naturais contados a partir do seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde.